

Co-funded by the  
Erasmus+ Programme  
of the European Union



# e-InnoEduCO<sub>2</sub>: Ciencia escolar e-learning ONE HEALTH

El proyecto e-InnoEduCO<sub>2</sub> está cofinanciado por el programa Erasmus+. El contenido de esta presentación es responsabilidad exclusiva del proyecto e-InnoEduCO<sub>2</sub> y ni la CE ni el SEPIE son responsables del uso que pueda hacerse de la información aquí difundida



Concello de Outes



Cofinanciado por  
la Unión Europea



Xacobeo 21-22



XUNTA  
DE GALICIA

O presente proxecto foi financiado co apoio da Comisión Europea. Esta publicación (comunicación) é responsabilidade exclusiva do seu autor. A Comisión non é responsable do uso que poida facerse da información aquí difundida.  
"sewing needle with thread" de Markus Grossalber con licencia CC BY 2.0.

# Breve descripción do contexto e do proxecto

“**Ciencia escolar e-learning ONE HEALTH**” (e-InnoEduCO<sub>2</sub>)  
pertence ao programa Erasmus + 2020 na modalidade KA226  
para o bienio 2021-2023.

Está liderado polo Concello de Outes e o seu piar de Pedagogía e Didáctica está coordinado polo **Grupo de investigación de Pedagogía Social e Educación Ambiental** (SEPA-interea) da USC que dirixe o Catedrático de Pedagogía Social José Antonio Caride.

Resultou valorado como nº1 polo SEPIE na convocatoria extraordinaria de innovación sobre tecnoloxías (**KA226**) que se resolveu en febreiro.



Concello de Outes



UNIVERSIDADE  
DE SANTIAGO  
DE COMPOSTELA



Grupo de Investigación  
Pedagogía Social  
Educación Ambiental



XXVI LO  
LOPE DE VEGA



CENTRO CIÊNCIA VIVA  
aveiro



universidade  
de aveiro



Agrupamento  
de Escolas  
de Aveiro



CESGA  
Centro de Supercomputación de Galicia



UNIVERSITATEA  
„ALEXANDRU IOAN CUZA”  
din IAȘI

Cofinanciado por  
la Unión Europea



Xacobeo 21-22



XUNTA  
DE GALICIA

# Breve descripción do contexto e do proxecto

NECESIDADES: A pandemia da **COVID-19** demostrou que **a maioría dos sistemas educativos non estaban preparados para o mundo de oportunidades da aprendizaxe dixital**, e que tamén é necesario e urxente fomentar unha cultura innovadora en toda a sociedade e a todos os niveis, comezando pola idade escolar. A **educación STE(A)M** (ciencia, tecnoloxía, enxeñaría, arte e matemáticas) **permite** que o alumnado desenvolva **habilidades e competencias relacionadas coa innovación**.

A pandemia é tamén unha **chamada para renovar o compromiso cos ODS**: para **garantir que todos os mozos e mozas gocen da oportunidade de triunfar na escola** e desenvolver **coñecementos, competencias, actitudes e valores** que lles permitirán **contribuír á sociedade** no que se refire **á recuperación ecolóxica**, porque persiste a **necesidade** de tomar medidas decisivas **para abordar a crise do cambio climático**. A **ONU** situou **2021-2030 como a Década das Ciencias Oceánicas para o Desenvolvemento Sostible**. Facer ao alumnado escolar **partícipe disto de maneira experiencial** permite **inicialos** na súa actuación como **axentes da transición ecolóxica**, marcando **Ecoloxía** e as **TIC** como **eixos transversais** para a divulgación **científica creativa**.



Cofinanciado por  
la Unión Europea



Xacobeo 21-22



XUNTA  
DE GALICIA

# Breve descripción do contexto e do proxecto

No contexto destas necesidades xurdiu "**e- InnoEduCO2: Ciencia escolar e- learning ONE HEALTH**", que inclúe un consorcio formado por **1 administración local: Concello de Outes (E)**, **3 universidades: USC (E), Ulasi (RO), UAveiro (PT)**, **2 escolas: AEA (PT) e Liceo XXVI (PL)**, e **1 centro de supercomputación: CESGA (E)**, orientado a reforzar a capacidade das institucións de educación e formación para proporcionar unha **educación dixital inclusiva e de calidade** a través de modelo pedagóxico **e-learning STE(A)M-TIC** que permita **compensar** o incremento nas **carencias da UE en Educación Escolar** adaptando a **formación telemática da era COVID-19 ás necesidades curriculares de experimentación científica**. Neste actual escenario COVID-19 e nun contexto de crecente complexidade, interdependencia e natureza sistémica do risco, **é necesaria tamén unha coordinación multisectorial** co fin de iniciar a preparación e aplicación de medidas para **reconstruír a educación escolar e crear axentes do cambio dispostos a facer fronte aos desafíos mundiais** con miras a combater a crise climática.



Cofinanciado por  
la Unión Europea



Xacobeo 21-22



XUNTA  
DE GALICIA

# Breve descripción do contexto e do proxecto

Dende a atención ás necesidades e oportunidades expresadas, este proxecto aspira a **compensar as barreiras**, fendas e limitacións **derivadas da crise COVID**, identificadas no **informe da OCDE *The impact of COVID-19 on Education- Insights from Education at Glance 2020*** (Andreas Schleicher) para **impulsar un currículo escolar experiencial** baseado na **aprendizaxe dixital**.

Faino a través do desenvolvemento e implementación de **modelos e-lab e e-eco** vinculados á **realidade aumentada** que posibilita a carga **xeolocalizada** de datos nos ecosistemas en campo e laboratorio en diferentes **océanos europeos**. Nesta liña pretende reforzar a capacidade das institucións de educación escolar para **proporcionar unha educación dixital inclusiva e de calidade** no ámbito científico respondendo tamén á **Recomendación (UE) 2018/790** da Comisión do **25 de abril de 2018** relativa ao **impulso das competencias STE(A)M** (ciencia, tecnoloxía, enxeñería, arte e matemáticas) para a **transferencia de coñecemento e fomentar unha cultura innovadora e desenvolvemento sostible** sociedade e a todos todos os niveis, empezando pola **idade escolar**.



Cofinanciado por  
la Unión Europea



Xacobeo 21-22



XUNTA  
DE GALICIA

# Breve descripción do contexto e do proxecto

Os **OBXECTIVOS XERAIS** do proxecto son:

1) **Compensar as barreiras, fendas e limitacións derivadas da crise COVID**, identificadas no informe da OCDE *The impact of COVID-19 on Education- Insights from Education at Glance 2020* (Andreas Schleicher) para impulsar un **currículo escolar experiencial** baseado na aprendizaxe dixital mediante **modelos e- lab e e-eco vinculados á realidade aumentada** que posibilita a carga xeolocalizada de datos nos ecosistemas en campo e laboratorio en diferentes océanos europeos.

2) **Reforzar a capacidade das institucións de educación escolar para proporcionar unha educación dixital inclusiva e de calidade no ámbito científico respondendo tamén á Recomendación (UE) 2018/790 da Comisión do 25 de abril de 2018** relativa ao impulso das competencias STE(A)M (ciencia, tecnoloxía, enxeñería, arte e matemáticas) para o aproveitamento das súas potencialidades e a transferencia de coñecemento e fomentar unha cultura innovadora e de desenvolvemento sostible en toda a sociedade e a todos os niveis, empezando pola idade escolar.



Cofinanciado por  
la Unión Europea



Xacobeo 21-22




XUNTA  
DE GALICIA

# Breve descrición do contexto e do proxecto

Os **OBXECTIVOS ESPECÍFICOS** do proxecto son:

- 1) **Estender ao conxunto da comunidade educativa, as prácticas de laboratorio e- learning** que permitan o desenvolvemento de procesos de ensino-aprendizaxe experimentais no campo e no laboratorio **con potencial formativo de calidade**, recorrendo as **metodoloxías virtuais, multimedia ou telemáticas** máis accesibles.
- 2) **Desenvolver deseños experimentais que permitan seguir as prácticas científicas de maneira telemática**, sen perder o potencial de observación e indagación propio das experimentacións en campo e laboratorio.
- 3) **Reforzar os vínculos entre investigación científica e a sociedade a través da expresión científica creativa e do desenvolvemento de recursos TIC e recursos artísticos innovadores e atractivos** para a **transferencia do coñecemento científico** na contorna educativa e **á sociedade**.
- 4) **Concienciar sobre as relacións do cambio global e o cambio climático a través de actividades de mostraxes nos ecosistemas e prácticas de laboratorio de simulación** e reflexionar sobre iso seguindo o enfoque *One Health* da OMS.



Cofinanciado por  
la Unión Europea



Xacobeo 21-22



XUNTA  
DE GALICIA

# Breve descripción do contexto e do proxecto

- Iniciouse o 1 de marzo de 2021 e remata o 28 de febreiro de 2023.
- Orzamento total: 251.305,00 EUR (financiamento do 100 %)

## SOCIOS:

- P1. **Concello de Outes** (Líder do proxecto) – ESPAÑA  
P2. **Universidade de Santiago de Compostela** – ESPAÑA  
P3. **Fundación Pública Galega Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia (CESGA)** – ESPAÑA  
P4. **Universidade de Aveiro** – PORTUGAL  
P5. **Agrupamento de Escolas de Aveiro** – PORTUGAL  
P6. **XXVI Liceum Ogólnokształcące** – POLONIA  
P7. **Universitatea Alexandru Ioan Cuza din Iasi** – ROMANÍA

### School science e-learning ONE HEALTH

4 Participating countries:

[VIEW PROJECT MAP](#) [DOWNLOAD AS PDF](#)

Start: 01-03-2021 - End: 28-02-2023  
Project Reference: 2020-1-E501-KA226-SCH-095765  
EU Grant: 251305 EUR

Programme: Erasmus+  
Key Action: Cooperation for innovation and the exchange of good practices  
Action Type: Partnerships for Digital Education Readiness

[New innovative curricula/educational methods/development of training courses](#) [Open and distance learning](#)  
[Environment and climate change](#)

### Summary

### Coordinator

**Concello de Outes**

Rúa da Vila, 1  
15230  
Outes  
Galicia  
Organisation type: Local Public body

### Partners

**XXVI Liceum Ogólnokształcące**  
 **UNIVERSIDADE DE AVEIRO**  
 **Agrupamento de Escolas de Aveiro**  
 **FUNDACION PUBLICA GALLEGA CENTRO TECNOLÓGICO DE SUPERCOMPUTACION DE GALICIA**  
 **UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**  
 **UNIVERSITATEA ALEXANDRU IOAN CUZA DIN IASI**



Cofinanciado por  
la Unión Europea



Xacobeo 21-22




XUNTA  
DE GALICIA

# Breve descripción do contexto e do proxecto

## PERFIL DOS SOCIOS:

O **Concello de Outes** ten unha forte tradición de **compromiso co tecido educativo** do seu territorio e polo desenvolvemento sostible do seu concello, e apoiou a colaboración do IES Virxe do Mar e o IES Poeta Añón en EduCO2cean-KA201. **As tres universidades son complementarias**. A **USC** (especializada ámbito da **Pedagogía e da Didáctica**), **UAveiro** (especializada no **uso de tecnoloxías para a divulgación científica**) e **Ulasi** (especializada na investigación ecolóxica) e **as tres son referentes nos seus sistemas universitarios no uso das tecnoloxías da aprendizaxe co enfoque STE(A)M**. O **CESGA** é un centro especialista na aplicación de **computación e comunicacións de alto rendemento**. O **Liceo XXVI** é un referente no bacharelato coa **mención biomédica en Polonia** e o **Agrupamento de Escolas de Aveiro** destaca pola súa **integración do ensino escolar público de Aveiro**. Os asociados IES Virxe do Mar e IES Poeta Añón teñen ampla experiencia de colaboración co consorcios internacionais en Climántica e EduCO<sub>2</sub>cean.



Cofinanciado por  
la Unión Europea



Xacobeo 21-22



XUNTA  
DE GALICIA

# Breve descripción do contexto e do proxecto

## ACTIVIDADES:

### a) Desenvolvemento da metodoloxía STE(A)M e tecnoloxías e-learning. Inclúe:

- (1) Desenvolvemento dun sistema interactivo dixital de laboratorio (**e-Lab**).
- (2) Desenvolvemento dun sistema de intercambio de **información xeolocalizada nas prácticas de campo**
- (3) Desenvolvemento de **sistemas de integración dos datos**. Desenvolvemento dun **sistema de aula virtual acoplado ao sistema de webinar** para clases telemáticas.

### b) Formación de profesorado. Incluirá:

- (1) Elaboración de **materiais didácticos** de apoio científico e alfabetización cinematográfica.
- (2) Deseño dun itinerario de **formación en liña de formadores**.
- (3) **Elaboración dunha Guía metodolóxica** para o uso didáctico do **sistema de formación telemática**.
- (4) Formación para educadores no **Delta do Danubio**.



Cofinanciado por  
la Unión Europea

 Xacobeo 21-22



XUNTA  
DE GALICIA

# Breve descripción do contexto e do proxecto

## ACTIVIDADES:

**c) Campus «One Health» de iniciación á investigación e á comunicación.** Incluirá:

- (1) Desenvolvemento do **Campus xuvenil internacional «One Health» de iniciación á investigación e á comunicación** con seminario docente.
- (2) **Avaliación dos resultados da formación** e incorporación de **medidas correctoras** nos programas formativos **docente e discente**

**d) Intervención socioeducativa para a transferencia á sociedade.** Incluirá:

- (1) Establecemento dunha **Rede de escolas comunitarias sostibles**.
- (2) Elaboración de **recursos didácticos de transferencia científica** aloxados na **aula virtual**.
- (3) Promoción en **redes de cada estado con cinco escolas comunitarias** mediante os **eventos multiplicadores**.
- (4) Estratexia de **transferencia e explotación de resultados**.



Cofinanciado por  
la Unión Europea



Xacobeo 21-22



XUNTA  
DE GALICIA

# Breve descripción do contexto e do proxecto

## OS 5 PRODUTOS SON:

**O1 P.I.1:** *Plataforma de clases a distancia sincrónicas, con aula virtual*. Coord. CESGA

**O2 P.I.2:** *Batería de recursos e-learning*. Coord. UAveiro

**O3 P.I.3:** *Itinerario formativo con guía metodolóxica para o profesorado*. Coord. USC


**O4 P.I.4:** *Programa xuvenil «Campus One Health»*. Coord. Agrupamento de Escolas de Aveiro.

**O5 P.I.5:** *Recursos didácticos para a transferencia científica á sociedade*. Coord. Concello de Outes (Coordinador xeral do proxecto).

## AS 2 ACTIVIDADES DE MOBILIDADE SON:

**C1.** *Formación para educadores no delta del Danubio* (Universitatea Alexandru Ioan Cuza din Iasi).

**C2** *Campus «One Health» de iniciación á investigación e á comunicación* (Agrupamento de Escolas de Aveiro).



Cofinanciado por  
la Unión Europea



Xacobeo 21-22



XUNTA  
DE GALICIA

# Implicación do profesorado e do alumnado

- Como proxecto derivado da sostibilidade de EduCO2cean, mantén a estrutura docente articulada no IES Virxe do Mar de ámbitos: a) Ciencia Escolar, b) Tecnoloxías, c) Comunicación Social, d) Teatro escolar, e) Comunicación A/V, que agora está replicado en todos os centros pilotos do proxecto no que sumou ao 30% do Claustro. Replicase esta estrutura a todos centros escolares socios formais e non formais.
- No contexto desta sostibilidade estanse a desenvolver proxectos colaborativos con outros países e dentro deste Erasmus+ KA226 destaca o traballo desenvolto durante o curso 2020-2021 sobre a relación Bivalvos-Zostera – Saúde humana que desenvolveron en colaboración o IES Poeta Añón e o IES Virxe do Mar.



# Implicación do profesorado e do alumnado

- No **segundo e terceiro trimestres do curso pasado**, o grupo de investigación liderado polo Catedrático de Ecoloxía da Universidade de Vigo, equipo científico socio non formal de e-InnoEduCO<sub>2</sub>, formou, no encadre da Ecoloxía escolar deste KA226 para o bienio 2021-2023, a dous grupos de Cultura Científica e un da materia de libre configuración Climántica do **IES Virxe do Mar** e tamén ao grupo que cursaba a materia de Bioloxía e Xeoloxía e aos dous grupos de materia de libre configuración Climántica do **IES Poeta Añón**.

- Nunha **primeira sesión impartíronse na aula os coñecementos de Ecoloxía implicados en e-InnoEduCO<sub>2</sub>** e na **segunda** fíxose a **mostraxe**. Logo cargáronse os datos e fixéronse as análises estatísticas. Unha vez rematada esta explotación didáctica, xa **a finais de maio**, desenvolveuse **unha argumentación grupal sobre os resultados da indagación** para **comparar a evolución dos modelos mentais iniciais co proceso de aprendizaxe**, que resultou ser significativa. Desta forma **introducíronse as metodoloxías de Ecoloxía Escolar** á que se **acoplan aos sistemas tecnolóxicos e-learning de e-InnoEduCO<sub>2</sub>**.



Cofinanciado por  
la Unión Europea




Xacobeo 21-22



XUNTA  
DE GALICIA

# Implicación do profesorado e do alumnado

Para a primeira proba de axuste da plataforma de clases a distancia sincrónicas con aula virtual coordinada polo CESGA, convidouse ao Dr. César de la Fuente, catedrático da Universidade Pensilvania, onde lidera o *Machine Biology Group*, cuxo obxectivo é combinar o poder das máquinas e a bioloxía para estudar, previr, diagnosticar e tratar enfermidades infecciosas, fabricar mellores antibióticos. Estas investigacións, que presentou por aquí a 200 docentes cos seus estudantes, valéronlle en 2020 o recoñecemento como mellor investigador xoven de EEUU e o premio Fundación Princesa de Girona Investigación Científica 2021.



Cofinanciado por  
la Unión Europea



Xacobeo 21-22



XUNTA  
DE GALICIA

# Implicación do profesorado e do alumnado

Na **segunda proba de axuste da plataforma de clases a distancia sincrónicas con aula virtual coordinada polo CESGA**, coincidindo coa celebración do **Día Mundial do ADN**, conectáronse **300 docentes** dende todas as CCAA, de Italia, Portugal, Polonia, Marrocos, México, Brasil, Panamá, Colombia, El Salvador, Perú, Arxentina e dende localidades das catro provincias galegas. Cada docente coordinou a un grupo de estudantes nunha aula ou conectados dende os seus domicilios, coordinados e baixo o control e supervisión do docente. Participaron **do orde 1.000 persoas** na ponencia do **Dr. Ángel Carracedo** titulada **Genes, Ambiente y Salud**.



Cofinanciado por  
la Unión Europea



Xacobeo 21-22



XUNTA  
DE GALICIA

# Implicación do profesorado e do alumnado

A **terceira e definitiva proba** sobre o uso de plataforma de clases a distancia sincrónicas con aula virtual coordinada polo CESGA, fíxose coincidir coa **celebración Día Mundial da Diversidade Biolóxica que patrocinou a Comisión Nacional de Cooperación coa UNESCO**. Nela participaron as comunidades educativas da rede de centros internacional que se sumaron a participar nas actividades de este proxecto co outro tamén máis valorado polo SEPIE da outra convocatoria extraordinaria (KA227-EduCinemaCTA). **Solitaron conexión máis de 100 docentes desta rede**. O ponente foi o **Catedrático de Ecoloxía da Universidade de Vigo, Dr. Emilio Fernández**, quen explicou os **fundamentos da Ecoloxía Escolar deste proxecto KA226**.



Cofinanciado por  
la Unión Europea



Xacobeo 21-22



XUNTA  
DE GALICIA

# Superación das dificultades atopadas

**Dificultade para incorporar socios escolares do Estado na Península.** Na concepción do proxecto xurdiu unha primeira barreira derivada da necesidade de ter un centro de supercomputación moi coordinado co líder e co grupo de Pedagogía Social e Educación Ambiental da USC, coordinador de Pedagogía e Didáctica. O socio ideal era o CESGA, pero iso levaba a incorporar a tres socios galegos, polo que si se incorporaban máis socios con escolas españolas, introduciríase unha asimetría territorial moi significativa. O que se decidiu daquela foi incorporar como socios non formais con papel da relevancia dos formais, neste caso para o marisqueo nas Rías baixas, ao tándem con experiencia exitosa en EduCO2cean-Erasmus+: IES Virxe do Mar e IES Poeta Añón. Para explotar o potencial noutros océanos e climas peninsulares e levar os océanos ao interior, aproveitouse a posibilidade que ofrece o consorcio con aprobación de consellos escolares para o proxecto KA227 EduCINEMACTA: IES Averroes de Córdoba, IES Bernardino de Escalante de Laredo, IES Mariano Quintanilla de Segovia, IES Europa de Mósteles e coordinando o consorcio o IES Xelmirez I de Santiago de Compostela, dende o contrato programa deseñado para este fin. A **dificultade do prazo curto** para sumar rede europea centrada no reto conseguíuse coa coordinación co Liceo XXVI de Polonia no eTwinning de preparación Polonia – Galicia – Madrid que patrocinado por la Comisión Nacional para la Cooperación con la UNESCO




# Superación das dificultades atopadas

A dificultade de **conseguir centros en América e África aos que se aspiraba a incorporar para amplificar e enriquecer os dominios climáticos e amplificar o potencial dos recursos tecnolóxicos para o traballo en rede** conseguiuase cunha estratexia común co KA227. Esta consistiu en propoñerlle ao *Consejero* para México, América Central e Caribe facer unha convocatoria aberta a América Latina e este comunicou que aceptaba o reto e que o coordinador para toda América Latina sería o *Consejero* en Brasil, Sr. Pedro Cortegueso. Deste xeito apuntáronse centros piloto en Brasil, México, Panamá, Colombia, Perú, El Salvador e Arxentina. En África convidouse a docentes que participaron en actividades de Climántica e sumáronse os IE de Tánger e Casa Blanca

Investigar Artigo

## SEPA-interea impulsa un webminar para captar centros escolares que se sumen aos seus proxectos Erasmus +

A sesión desenvolverase o luns 15 de marzo, a partir das 19.00 horas, e servirá de marco de presentación para os dous proxectos que acadaron a máxima puntuación nas súas respectivas categorías e que están centrados no turismo verde e na experimentación científica en liña



A sesión desenvolverase o luns 15 de marzo, a partir das 19.00 horas. FOTO: Santi Alvite

**Luns, 1 de marzo de 2021 | Santiago de Compostela**  
O profesor da USC Francisco Soñora impartirá un **webminar** para centros escolares con interese en sumarse como centros piloto no marco dos proxectos de investigación Erasmus+ KA226 e KA227 nos que o grupo da Facultade de Ciencias da Educación SEPA-interea e socio. Esta iniciativa está dirixida a docentes de toda España, asociacións de profesores, así como á rede de centros do **proxecto Climántica** en América Latina, Europa e África. "O obxectivo é tecer a rede de centros piloto dos dous proxectos que quedaron coa máxima valoración nas dúas convocatorias extraordinarias de innovación convocadas no encadre Erasmus+", explica o profesor Soñora. A sesión desenvolverase o luns 15 de marzo, a partir das 19.00 horas.

Turismo verde



Cofinanciado por  
la Unión Europea



Xacobeo 21-22



XUNTA  
DE GALICIA

# Impacto e beneficios para os centros

## a) Dende o punto de vista da colaboración Escola – Universidade que se comparten co KA 227:

- (1) **Colaboración co grupo Pedagogía Social e Educación Ambiental** da USC na memoria técnica que foi aprobada para cuatrienio de referencia 2021-2024.
- (2) **Desenvolvemento dun seminario de investigación – acción** de colaboración Escola e Universidades entre a USC e UAveiro con acreditación do Ministerio de Educación e Formación Profesional.
- (3) **Colaboración de SEPA-interea da USC para a constitución dun seminario permanente** de investigación-acción escolar que xa conta coa aprobación dos consellos escolares do IES Bernardino Escalante de Laredo, do IES Averroes de Córdoba, do IES Mariano Quintanilla de Segovia, do IES Europa de Mósteles, coa coordinación dende o contrato programa 2021-2022 do IES Xelmirez I de Santiago.
- (4) **Compromiso de apoio ás experiencias piloto** expresado na reunión do 28 de xullo polo Director do SEPA – interea ao Director do IES Virxe do Mar e á Directora do IES Poeta Añón.

Investigar

Artigo

SEPA-interea impulsa un webminar para captar centros escolares que se sumen aos seus proxectos Erasmus +

A sesión desenvolverase o luns 15 de marzo, a partir das 19.00 horas, e servirá de marco de presentación para os dous proxectos que acadaron a máxima puntuación nas súas respectivas categorías e que están centrados no turismo verde e na experimentación científica en liña



A sesión desenvolverase o luns 15 de marzo, a partir das 19.00 horas. FOTO: Santi Alvir

**Luns, 1 de marzo de 2021 | Santiago de Compostela**  
O profesor da USC Francisco Soñora impartirá un [webminar](#) para centros escolares con interese en sumarse como centros piloto no marco dos proxectos de investigación Erasmus+ KA226 e KA227 nos que o grupo da Facultade de Ciencias da Educación SEPA-interea é socio. Esta iniciativa está dirixida a docentes de toda España, asociacións de profesores, así como a rede de centros do [proxecto Climántica](#) en América Latina, Europa e África. "O obxectivo é tecer a rede de centros piloto dos dous proxectos que quedaron coa máxima valoración nas dúas convocatorias extraordinarias de innovación convocadas no encadre Erasmus+", explica o profesor Soñora. A sesión desenvolverase o luns 15 de marzo, a partir das 19.00 horas.

Turismo verde



Cofinanciado por  
la Unión Europea



Xacobeo 21-22



XUNTA  
DE GALICIA

# Impacto e beneficios para os centros

## b) Dende o punto de vista da superación de barreiras pedagóxicas COVID-19

- (1) Desenvolvemento de procesos que facilitan a **superación das barreiras que supuxo para o traballo experimental mediante plataformas dispoñibles na introducción das medidas de illamento COVID-19.**

- (2) Avances a través da convivencia en intercambios interterritoriais, presenciais e/ou virtuais de cara á consecución do Obxectivo de Desenvolvemento Sostible 4 (ODS4) da Axenda 2030 na contribución á superación das barreiras introducidas neste ámbito para o acceso igualitario a todos os niveis do ensino, nun contexto no que adolescencia quedou nunha situación de vulnerabilidade emocional. Estes avances vense facilitados coa consecución do ODS nº13 de Acción polo Clima a través da xénese de contornas de aprendizaxe vivenciais e relacionais que sexan eficaces para todas e todos. Nesta liña destacan os patrocinio da Comisión Nacional de Cooperación coa UNESCO por o patrocinio da celebración da Nena e da Muller na Ciencia e do Día Internacional da Diversidade Biolóxica.



Cofinanciado por  
la Unión Europea



Xacobeo 21-22



XUNTA  
DE GALICIA

# Ligazón ao proxecto, redes sociais e contacto

Ligazón ao portal da CE:

<https://bit.ly/3bcJOX3>

Instagram: @innoeduco2

Twitter: @innoeduco2

Facebook: InnoEduCO2

Contacto:

[einnoeduco2.communication@gmail.com](mailto:einnoeduco2.communication@gmail.com)

Co-funded by the  
Erasmus+ Programme  
of the European Union



Cofinanciado por  
la Unión Europea



Xacobeo 21·22



XUNTA  
DE GALICIA